

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS
DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2010

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente da Xunta Reitora
D. Carlos García Martínez, director do Museo do Pobo Galego
D^a. María Xosé Fernández Cerviño, subdirectora do Museo do Pobo Galego
D. Xosé Carlos Beiró Piñeiro
D. Carlos Iglesias Castelao
D. Antonio Busto Salgado
D. Xosé Manuel Cambeiro Cives
D. Antonio Castro García, en nome propio e en representación de El Correo Gallego
D. Xosé Ramón Fandiño Veiga
D. Antón Fernández Álvarez
D^a. M^a Luisa Fernández Bal
D. Juan José Folgar Pomar
D. Alfonso C. García Boado
D^a. Teresa García Domínguez
D. José M^a Laredo Cordonié
D^a. Estefanía A. Lodeiro Paz
D. Xosé López Silva
D. Xoán Ramón Marín Martínez
D. Eduardo Martínez Otero
D. Luís Martul Tobío
D^a. Rosa M^a Méndez García
D. Xoán Xosé Molina Vázquez
D^a. M^a Ángeles Penas Truque
D^a. Herminia Pernas Oroza
D. Xosé Recimil Tábora
D^a. Mercedes Rozas Caeiro
D^a. Elena Varela Arias
D^a. Xulia Vázquez Randulfe
D. Manuel Vilas Tubío
D. Tino Viz Otero
D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario da Xunta Reitora

XUSTIFICAN A AUSENCIA:

D. Isaac Díaz Pardo
D. Luciano García Alén
D. Fernando Acuña Castroviejo
D^a. Fátima Braña Rey
D. Lino Lema Bouzas
D^a. Concha Losada Vázquez
D. Manuel Vilar Álvarez

En Santiago de Compostela, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de Justo Beramendi González, coas asistencias e xustificacións de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente da Asemblea, D. Justo Beramendi González, en ausencia do presidente e dos vicepresidentes do Padroado.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 9 DE MAIO DE 2009

Ao non haber alegacións á acta, apróbase.

2. INFORME DA XUNTA REITORA DO MUSEO

D. Justo Beramendi, presidente da Xunta Reitora, informa de seguido das seguintes cuestións:

1º. Relacións coa Xunta de Galicia

O día 2 de xuño do ano pasado, o Presidente do Padroado, o Presidente da Xunta Reitora e o Director do Museo visitaron ao novo conselleiro de Cultura, D. Roberto Varela Fariña. Informóuselle do carácter do padroado e da relación que mantén coa Xunta de Galicia, das carencias financeiras e dos problemas por non podermos asignar toda a subvención ao pago de gastos correntes, así como da eficiencia da subvención recibida polo MPG á vista das actividades realizadas e dos visitantes recibidos. Prometeu unha visita, pero aínda non fixou data para a súa celebración.

O 17 de xuño, o presidente da XR e o director do MPG foron recibidos polo Director Xeral de Patrimonio, D. José Manuel Rey Pichel. Foi unha reunión moi cordial na que se lle comunicou información básica sobre o MPG, insistindo na cuestión financeira e nos locais de Bonaval ocupados pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Trasláduselle a necesidade de que o MPG recupere estes espazos para facer a remodelación prevista no plan director co apoio do Consorcio.

Tanto o Director Xeral de Patrimonio como o Conselleiro de Cultura garantiron a achega da Xunta de Galicia ao MPG, e apuntaron que, en función das restricións, podería considerarse un incremento da mesma, o que se concretou no proxecto de lei de orzamentos xerais para 2010 nunha suba de 10.000,00 € na transferencia de capital, quedando a subvención final da Xunta en 250.000,00 € para gastos correntes e de persoal, como no exercicio anterior, e en 160.000,00 € para investimentos.

Aínda que isto deixa os problemas de financiamento como estaban, cómpre valorar o feito de que se mantivese o nivel de apoio da Consellería nunha situación de apreciable baixa dos seus orzamentos por mor da crise. Por tal motivo, a Asemblea do Padroado de 19 de decembro acordou, a proposta da Xunta Reitora, manifestar por escrito o seu agradecemento ao Conselleiro e ao Director Xeral.

O 13 de abril de 2010 a Conselleira do Mar, D^a. Rosa Quintana Carballo, e parte do seu equipo realizaron unha visita institucional ao Museo co gallo da inauguración da exposición “La Artística: debuxantes da pedra, fabricantes da lata”, que foi cofinanciada por esta Consellería.

Estase realizando, en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo, a dixitalización dos fondos antigos da biblioteca do Museo dentro do programa do Fondo do Patrimonio bibliográfico Español. O Sr. Director do Museo explicará este asunto con máis detalle.

2º. Plan Director e futura remodelación do museo.

Logo dos estudos previos realizados por un equipo do Consorcio de Santiago, en outubro de 2009 este licitou por procedemento aberto a contratación do servizo relativo á “Redacción do proxecto básico museográfico e arquitectónico integral para o acondicionamento do Museo do Pobo Galego no conxunto de San Domingos de Bonaval e no seu desenvolvemento a redacción do proxecto de execución museográfico e arquitectónico, estudo de seguridade e saúde e dirección facultativa da obra da ampliación do Museo do Pobo Galego sobre o ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval”.

No mes de decembro reuniuse a mesa de contratación, da que formaba parte o presidente da Xunta Reitora do MPG en representación do Padroado, e o comité de expertos nomeados polo Consorcio e do que formaba parte o director do Museo.

O Consorcio adxudicou finalmente o traballo ao equipo encabezado polos arquitectos D. Xerardo Estévez Fernández e D. Celestino García Brañas, que teñen de prazo aproximadamente ata outubro para entregalo. A interlocución entre este equipo e a Xunta Reitora e a dirección do Museo vén sendo moi fluída no que atinxe ao futuro plan museolóxico. Para facer máis eficaz a colaboración co equipo redactor, co que colaboran tamén o técnico en museos, D. Luis Grau, o catedrático de Historia da Arte D. Alfredo Vigo e varios expertos en instalacións e acondicionamento, a Xunta Reitora nomeou unha comisión propia formada polo director e a subdirectora do Museo, o presidente da Xunta Reitora, os patróns D. Francisco Calo e D. Francisco Fariña e o socio e membro da Reitora D. Manuel Vilar. Esta comisión realizou durante os últimos meses varias sesións de traballo así como reunións co equipo e con D. Luis Grau.

Nestes momentos está bastante avanzada e consensuada a que será a futura distribución de espazos tanto no edificio conventual como na ala sur, así como a nova nómina de salas de exposición permanente e a definición xeneral, tamén nova, dos seus contidos e o programa de obras de reforma e rehabilitación que levará consigo. Esperamos que o resultado sexa un museo drasticamente modernizado e ampliado. Por suposto, no momento no que o proxecto teña xa unha forma presentable será sometido á consideración do Padroado.

3º. Fundación Antonio Fraguas

Dende o mes de maio celebráronse dúas xuntanzas do seu Padroado. Na xuntanza ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2009 aprobouse a liquidación de orzamentos do ano 2008. En canto ao programa e orzamentos do ano 2009, a crise económica orixinou a redución das achegas da Fundación Caixanova e da Fundación Caixa Galicia para ese exercicio e a imposibilidade de asumir compromisos cara ao ano vindeiro, o que unido ao retraso na sinatura do convenio coa Consellería de Cultura e Turismo causado polo cambio de goberno, poñía en perigo a continuidade da Fundación.

Na xuntanza celebrada o 24 de novembro de 2009, despois de aprobarse o Convenio coa Consellería de Cultura e Turismo, e co compromiso de continuidade deste convenio no ano 2010, parecía que este problema estaba resolto. Aprobouse un orzamento reducido para cando menos asumir a 7ª edición do proxecto didáctico, con premios de menor contía (7.000 € no canto de 10.000) para os proxectos gañadores, e de ser preciso, coa súa conversión nun proxecto bienal. Unha vez definidos os recursos dispoñibles para o ano vindeiro, de ser posible acometeríanse outras actuacións: a publicación dos mellores traballos premiados nas anteriores edicións, a continuación de colaboración co proxecto Sons e Voces da Identidade e co Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade, e a edición da obra etnográfica de D. Antonio Fraguas.

Fiando na promesa feita nesa xuntanza polo Sr. Director Xeral de Promoción Cultural fíxose a convocatoria da VII Edición do Proxecto Didáctico e remitiuse a esa dirección xeral a correspondente proposta de convenio. Con posterioridade recibimos a comunicación de que, como consecuencia dos recortes no gasto que teñen que facer todas as consellerías, non se podía asinar tal convenio e que debíamos concorrer á convocatoria xeral de axudas a actividades culturais da consellería, cousa que se fixo pero só para o proxecto didáctico. Estamos á espera da resolución da convocatoria. En todo caso, e dado que se rebaixou a contía dos premios e que o ano pasado non houbo edición, no peor dos casos os custos desa VII edición no presente exercicio poderían ser asumidos con cargo aos remanentes de tesouraría da Fundación. Non así os do ano 2011.

4º. Persoal

En materia de persoal a XR delegou a representación para as futuras negociacións nas persoas do tesoureiro e do secretario, así como as funcións de control do persoal no secretario. No marco das negociacións en curso, a nova delegada sindical, D^a Ana Estévez Lavandeira, propuxo un convenio colectivo específico no canto de continuar acollidos ao convenio de Oficinas e Despachos e entregou unha proposta articulada que a Xunta Reitora está a estudar.

Na convocatoria de 2009 foron concedidos os 8 postos solicitados no programa de promoción de emprego da Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia, cada un por un prazo de 9 meses, que remata no verán. Presentouse unha solicitude de outros oito cos mesmos perfís na convocatoria deste ano, que aínda está pendente de resolución.

5º. Posicionamento do Padroado verbo do decreto sobre uso de galego no ensino.

Na Asemblea de decembro de 2009 do Padroado, o patrón D. Manuel Caamaño lembrou que este asunto se debatera na asemblea de maio deixándoo para unha posible asemblea extraordinaria, e como queira que non houbo ningunha proposta de celebrala, nin foi remitida ningunha proposta específica, a Xunta Reitora decidiu someter á asemblea o manifesto sobre a lingua que o Consello da Cultura Galega presentou ao Parlamento. Logo dunha rolda de intervencións na que interveñen varios patróns, adoptouse o seguinte acordo:

“O Padroado adhírese á Proposta Institucional sobre a Lingua Galega, aprobada polo Consello da Cultura Galega o pasado 17 de novembro. De acordo co mandato estatutario de participación na vida pública como entidade cultural a través das canles que estableza a lexislación vixente en cada momento, o Padroado do Museo do Pobo Galego vén seguindo con preocupación o debate xerado no seo da sociedade arredor das políticas relacionadas coa lingua galega, e entende manifestar de xeito inequívoco a súa posición ao subscribir o chamamento do Consello da Cultura Galega á unión de vontades en torno ao idioma propio como un valor social que debe ser para todos os galegos, e nomeadamente para as formacións políticas que nos representan, causa común e integradora”.

Este acordo trasladouse á Mesa do Parlamento e máis ao propio Consello da Cultura Galega así como aos medios de comunicación.

6º. Nomeamento de M^a Xosé Fernández Cerviño como subdirectora do MPG.

A Xunta Reitora someteu á consideración do Padroado a proposta do nomeamento de D^a M^a Xosé Fernández Cerviño como subdirectora do MPG, cargo que xa vén desempeñando de facto. Se ben a intención da XR sería prover mediante contrato a secretaría técnica, as limitacións económicas fan imposible acometelo actualmente, polo que, até o momento da provisión, as funcións da mesma serán exercidas por M^a Xosé Fernández Cerviño. A asemblea aprobou a proposta por asentamento e fixo constar que este nomeamento se fai fundamentalmente en recoñecemento da súa valía e do traballo que leva facendo dende o momento mesmo da creación do museo.

7º. Outros asuntos

a) Asinouse un convenio coa sociedade municipal INCOLSA para o cofinanciamento das audioguías multilingües que o Museo ten previsto ofrecer aos visitantes dentro do presente ano.

b) Ante a desaparición de facto do Museo Municipal de Santiago de Compostela, que é membro institucional do noso Padroado, e a refundación do Museo Nacional das Peregrinacións como Museo das Peregrinacións e de Santiago, o Padroado aprobou que o segundo substitúa o primeiro como patrón institucional. A proposta foi aceptada polo dito Museo.

c) Fíxose a renovación da instalación e cableado da rede de voz e datos na área administrativa do MPG, e instalouse un servidor central. O aseguramento dos equipos cun

Sistema de Alimentación Ininterrumpida, así como a centralización dos programas e servizos informáticos, corre a cargo dos socios D. Felipe Seoane Otero e D. Ramón Varela Pernas.

d) Co fin de axilizar as comunicacións e aforrar custos, o Padroado, a proposta do seu secretario D. Francisco Sanjiao, aprobou que no futuro os envíos de documentación aos patróns sexan realizados, na medida do posible, por correo electrónico.

Preséntase a proposta de facer o mesmo para as comunicacións que se manteñan cos socios. Apróbase.

8º. Tesourería

En representación do Tesoureiro o Secretario informa do seguinte:

O Orzamento total para o ano 2010 acada a cifra de 625.989,00 € o que significa un incremento do 4,32% sobre o de 2009 que era de 600.056, 00 €. É un incremento enganoso, xa que deriva do forte aumento da subvención do Programa de Fomento de Emprego, que ao pasar de subvencionar 4 a subvencionar 8 persoas crece nun 33,11% en relación a 2009. Sen esta distorsión, o orzamento decrecería un 0,41 % en relación a 2009.

Nos ingresos mantense a previsión dos patróns, aínda que hai cotas con incerteza sobre o seu cobro. Recóllense os incrementos das achegas da Xunta de Galicia no Convenio coa Consellería de Cultura e Turismo e na Subvención Programa de Fomento de Emprego da Consellería de Traballo e Benestar. O resto dos ingresos orzamentase pola cantidade realmente ingresada en 2009.

Nos gastos recóllense as seguintes previsións:

- 1.- Persoal: Incremento retributivo do 2,30%. O convenio para 2010 fixa o IPC a 31-XII en +1,5%. Estímase un IPC en decembro de 0,8%. Hai a previsión de necesitar contratar menos persoal para complementar os vixilantes, para substitucións de vacacións e abono de horas ao contar ata xullo con máis persoal pola subvención de Fomento de Emprego.
- 2.- Gastos de funcionamento: Axústanse e redúcense ao mínimo preciso para garantir o funcionamento do MPG, buscando as alternativas menos custosas.
- 3.- Investimentos: Increméntanse nun 8,67% para atender a programación, máis intensa pola celebración do Ano Santo. Prímase actividades e investimentos que soben un 15,65 e 13,64%, mentres o capítulo de compras diminúe un 8,33%.
- 4.- Financiamento: Increméntase notablemente (30,14%) por tres motivos:
 - O maior custo do financiamento de tesourería polo incremento dos xuros.
 - A provisión para cubrir ingresos de cobro non realizables.
 - Cubrir o déficit que arrastramos do 2008, malia reducirse en 2009 arredor de 5.000 euros.

Para axustar e cumprir co orzamentado, estase a elaborar un plan de control daqueles gastos que máis se arredan das previsión, e buscando outras formas de diminuír o gasto.

3. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

O Director do Museo, D.Carlos García Martínez, informa de xeito resumido das actividades realizadas nos últimos doce meses. A relación inclúese como ANEXO I.

4. INFORME DA OFICINA DOS SOCIOS

O representante dos socios D. Eduardo Otero Iglesias informa das actividades realizadas pola oficina de socios.

Está en maquetación o vindeiro número 6 da revista *Adra*, que agardan presentar no mes de xuño.

Para o ano 2011 teñen prevista a realización dunha nova edición da Exposición de Fotografía Etnográfica “Entre amigos”, con fotografías aportadas polos socios do MPG.

5. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

A socia D^a. Mercedes Rozas Caeiro pregunta se hai algún tipo de actuacións para incrementar os ingresos do MPG. O presidente informa que se fai o que se pode, e que cando menos conseguíuse manter o nivel de apoio da Xunta e do restos das institucións que apoian o MPG. Respecto do financiamento privado, fóra das cuestións concretas para realizar actividades puntuais, tense problemas para acadar achegas de forma continuada por parte de empresas e institucións privadas, máis difícil aínda polo problema das caixas de aforro. A ausencia dun xerente profesionalizado dificulta a busca de novos ingresos, e de haber ideas para conseguilo por parte dalgún socio solicita se poñan en contacto coa Xunta Reitora.

A socia D^a Estefanía Lodeiro Paz, fai entrega á biblioteca do MPG de 2 exemplares do libro “As de Morgan”, realizado en homenaxe ao socio Xosé Lois Méndez Martís, recentemente falecido. Informa que os beneficios do libro serán destinados á dotación do fondo de instrumentos tradicionais que estará depositado na Asociación de veciños do barrio de San Pedro “A Xuntanza”. Agradece tamén a cesión de fotografías do libro de Tino Viz Otero. O presidente propón que o MPG colabore coa difusión desta medida nas páxinas informativas, ao tempo que ofrece os espazos do MPG para facer a presentación se o estiman oportuno.

Acórdase felicitar aos socios Pablo Carpintero e Ramón Marín polo premio 'Antón Losada Diéguez' no eido de investigación e ensaio co que foi premiado o libro “Os instrumentos musicais na tradición galega”.

6. IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO AOS SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE.

Procédese á entrega da insignia as socias e socios do MPG que cumpren 25 anos con tal condición:

- D. Enrique Bande Rodríguez
- D. Marcial González Abraldes
- D. Xosé González Martínez
- D. Xosé Manuel Cambeiro Cives
- D. Luís Eugenio Santos Sequeiros
- D^a Carmen Álvarez Arcos
- D. Juan José Folgar Pomar
- D. Elías Suárez González
- D. Severino Lavandeira Rey
- D. Xosé López Silva
- D. Antonio Busto Salgado
- D. Bieito Ledo Cabido
- D^a Elena Varela Arias
- D. Xulio Rodríguez López
- D^a Nélida Ferreiro Dacoba
- EL CORREO GALLEGO, que recolle D. Antonio Castro García, presidente do Consello de Administración
- D^a M. Isabel Pita Mon
- D^a M. Luisa González Viñas
- D. Alfonso C. García Boado

- D^a Ángeles Penas Truque
- D^a M^a Luisa Fernández Bal

O presidente da XR destaca entre os agasallados a EL CORREO GALLEGO e fai constar o agradecemento a D. Antonio Castro García, quen como alcalde de Compostela prestou apoio incondicional no momento da constitución do MPG.

D. Antonio Castro, como presidente do grupo El Correo Gallego, fai constar o agradecemento á XR e a Asemblea pola distinción que se fai ao xornal. Expresa así mesmo que dende a alcaldía que ocupaba no momento da creación do Museo acolleu con agarimo a iniciativa dos promotores do MPG, do que tamén é socio a título particular, e que incluía non só o centro actual senón tamén a elaboración dun parque etnográfico que non puido ser realizado, así como a redacción do estatuto do Panteón de Galegos Ilustres, ao que propuxo foran trasladados os restos do insigne poeta Curros Enríquez. Expresa tamén a súa convición de que o MPG continuará acrecentando o seu labor, e o seu orgullo de ter contribuído á súa consolidación así como a disposición de ECG a continuar na primeira liña da defensa da nosa cidade e no apoio a esta institución para conseguir a súa mellora.

D. Justo Beramendi agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:00 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

V^o e praxe, o presidente en funcións,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO I. MEMORIA DE ACTIVIDADES DO MUSEO XANEIRO – ABRIL 2010

1. OBRAS E INSTALACIÓNS. MONTAXE DE SALAS

Os aspectos referidos ao proxecto de ampliación e renovación museográfica quedan referidos no informe da Xunta Reitora.

2. DEPARTAMENTO DE CONSERVACIÓN

Total rexistros: 10.196

Total ingresos (xaneiro - abril): 48

Doazóns: 42

Depósitos: 1

Compras: 5

Doazóns: Miguel Ángel González Costa: sete coitelas para descarnar baleas; Clodio González Pérez: moeda inglesa conmemorativa da Batalla de Rande 1702.

Depósitos: Carmen Caulonga Martínez: autorretrato do pintor Federico Caulonga.

Compras: Un traxe de noiva confeccionado en damasco negro e unha pinza metálica para suxeitar a cola da saia, de 1903, data que figura na acta de matrimonio dos contraentes, facilitada polo Arquivo Histórico Diocesano.

Relación de persoas e institucións que doaron ou depositaron pezas

BREY GAMALLO, Carmen

CAULONGA MARTÍNEZ, Carmen

FAMILIA VILARIÑO PINTOS

FERNÁNDEZ-ROEL RODRÍGUEZ, Helena

GARCÍA ORELLÁN, Rosa

GONZÁLEZ COSTA, Miguel Ángel

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio

LOURIDO REGUERA, Rosa

MARÍN, Ramón

RIBEIRA, Xosé Manuel

RÚA, Estrela

CONSULTAS E REPRODUCCIÓN DE FONDOS

Total consultas 13 (8 delas con reprodución de fondos da colección e do Arquivo Gráfico)

Particulares 5

Institucións 4

Empresas de xestión cultural 4

EXPOSICIÓNS DE PRODUCCIÓN PROPIA

O traballo do departamento centrouse no primeiro trimestre na elaboración da exposición temporal *Debuxantes da pedra fabricantes da lata: o legado de "La Artística, S.A."*

PERSOAL

Alexa García Pose: Rexistro, inventario e catalogación da colección de obxectos. Documentación e tramitación dos préstamos de pezas para a exposición *Debuxantes da pedra fabricantes da lata: o legado de "La Artística, S.A."*

Marcos Martínez Roca Rexistro, inventario e catalogación da colección de documentos videográficos. Retoque dixital de imaxes, deseño de diaporamas e outras tarefas auxiliares na exposición *Debuxantes da pedra fabricantes da lata: o legado de "La Artística, S.A."*

3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

INGRESOS

O capítulo de ingresos ven marcado polo depósito da colección cartográfica referente a Galicia e pertencente ao patrón Clodio González Pérez. Esta colección abrangue tanto mapas e planos como cartas marítimas; nestes momentos estase a realizar o inventario para a súa posterior catalogación.

A máis desta aportación cartográfica neste período ingresaron un total de 1.342 títulos dos cales 1.079 proceden de doazóns (coleccións Gustavo Santiago Valencia e Clodio González Pérez), 188 a través de intercambios, 72 por compra, e 3 de produción propia.

O Libro de Rexistro contabiliza un total de 54.059 títulos con 58.989 volumes. Respecto as publicacións periódicas contamos con 23 novos títulos e un total de 245 novos exemplares. Acadando así un total de 1.890 revistas, das cales 82 están abertas.

Monografía	
Doazóns	1.079
Adquisicións	72
Intercambio	188
Produción propia	3
Total	1.342
Total Rex. bibliogr.	54.059
TOTAL Volumes	58.950

Novas revistas (2009-2010)	23
Exemplares (2009-2010)	245
Total de revistas	1.890
Total exemplares informatizados	15.671

ARQUIVO

- Luís Martul, documentación diversa (revistas e panfletos) emitidos por partidos políticos dos anos 60-70.
- Fuco Sanjiao, documentación referente a Rafael Catalá e a incautación de bens (1939)
- Reorganización do material arquivístico procedente de La Artística S.A.

CONSERVACIÓN, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS

Abordouse a restauración e recuperación do fondo documental antigo, así levouse a cabo unha labor de limpeza, e nalgún caso a restauración, dos pergameos que pertencentes a distintos fondos alberga o Museo. Esta labor foi realizada por Xosé Ignacio García Fernández.

Renovación do equipo informático da biblioteca cunha considerable mellora tanto na capacidade da CPU, como na calidade de imaxe da pantalla. Isto foi doazón do socio Eduardo Beiras García. Grazas a doazón de material informático de Justo Beramendi aumentamos o nº de ordenadores o que permite utilizar un deles como OPAC para uso exclusivo dos usuarios.

Para maior seguridade na protección e conservación do fondo bibliográfico procedeuse á instalación dunha porta de seguridade na sala de fondo antigo e á colocación de estores na biblioteca central para filtrar a luz e evitar a penetración directa da luz solar. Así mesmo colocouse unha porta de seguridade e reforzouse o cristal do cuarto que será a cámara de seguridade da Biblioteca do Museo.

SERVIZOS E ACTIVIDADES

Préstamo e reprodución de fondos:

- Centro Galego de Arte Contemporánea, préstamo dalgúns exemplares do fondo bibliográfico para un proxecto artístico.
- A Fundación Castelao, reprodución de libros e revistas con debuxos ou deseños de Castelao para a base de datos da Fundación.
- Hostal dos RRCC, reprodución de documentos do Hospital Real para tríptico e paneis do Museo do Parador.
- Fundación Pedro Barrié de la Maza, reprodución de fondos: mapas e planos da colección Blanco Cicerón para o libro de Alfredo Vigo Galicia y el siglo XVIII. Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo (1701-1800).

RECURSOS HUMANOS E COLABORACIÓNS

Desde o 7 de agosto de 2009 contamos co bolseiro do Centro Superior Bibliográfico de Galicia José Manuel González Monje.

Desde outubro de 2009 e ata de marzo de 2010 Noelia García Ferreiro realizou na Biblioteca a FCT (Formación en Centros de Trabajo) correspondente ó Ciclo Superior de Animación Cultural. Segue así mesmo a colaboración continuada das socias María Virtude Gómez Pardo e Mari Luz Martínez Cardoso.

Contamos tamén co asesoramento e axuda puntual dos socios Xosé R. Lema Bendaña, (Biblioteca. USC-Historia) e Francisco Méndez (Biblioteca USC-Concepción Arenal).

A persoa contratada dentro do Programa de Colaboración da Xunta de Galicia causou baixa por enfermidade.

Outras tarefas do Museo realizadas a través de Biblioteca foron:

- O Ministerio de Educación e Cultura está a realizar o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia en colaboración coa Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura e a través da Biblioteca de Galicia. Dada a importancia do fondo bibliográfico do Museo, estableceuse un convenio para que este formase parte do devandito Catálogo, polo que a través dunha empresa de xestión documental estase a facer a descrición bibliográfica do fondo antigo (ata 1858).
- Relación con Servizo Municipal de Bombeiros para realizar visitas ao Museo co fin de coñecer o edificio. Esta visita realízana os luns en grupos reducidos, dunhas 10 persoas, que percorren todo o edificio, cunha explicación especial nas bibliotecas.

INTERCAMBIOS E DOAZÓNS

INSTITUCIONAIS

Agrupación Instrutiva de Camouco	Cent.Ramón Piñeiro
Amigos do Museo do C. Viladonga	Colectivo Vacaloura
Arquivo do Reino de Galicia	Colexio Manuel Peleteiro
Arte Galicia 21	Concello de Betanzos
Artzinega museoa	Concello de Boiro
As. C. Montañesa	Concello de Boborás
As. Cult. A Cabana (Moraña)	Concello de Cambre
As. Cult. O Meigallo (Cuntis)	Concello de Pontedeume
As. Cultural "Carrutxa"	Concello de Santiago
As. de Gaiteros galegos	Consell. de Pesca
As. de Gaiteros de Aragón	Consello da Cultura Galega
As. Gal. Amigos Camiño de Stgo.	Consorcio de Santiago
Asociación Galega de Artesáns	Deputación Prov. da Coruña
Ateneo Ferrolán	Deputación Prov. de Ourense
Auditorio de Galicia	Deputación Prov. de Pontevedra
Bibli-Arquivo Mpal. de Betanzos	Deputación Prov. I de Lugo
Biblioteca Mpal. de Pontedeume	Ecomuseu Municipal do Seixal
Casa da Xuventude. Ourense	Ediciós do Castro
Cent. de Artesanía Trad.de Vigo	Eixo Atlántico
Cent. de Cult. Trad. El Pusol (Elche)	FEIRACO
Cent. Itali. de Studi Compostellani	FESGA
Cent. Pasqual Salmerón (Murcia)	Fund. Cent. Etnogr. Joaquín Díaz

Fundación 10 de marzo
Fundación BBVA
Fundación Caixa Galicia
Fundación Caixa Nova
Fundación FEIMA
Fundación G. Estévez
Fundación Liste
Fundación Luís Seoane*
Fundación Luís Tilve
Fundación Ortegalia
Fundación Xosé Soto
Galería Marisa Marimón
Goberno Vasco. Dep. de Cultura
Granitos ibéricos
Grupo Francisco Moure (Ourense)
Grupo Marcelo Macías
Inst.de Estud. Galegos P. Sarmiento
Instituto de Estudios Asturianos
La Voz de Galicia
Musée inter. Du Carnaval (Binche)
Museo Arqueolóx. Prov.de Ourense
Museo Arte Ibérico El Cigarralejo

Museo das Peregrinacións
Museo de Belas Artes da Coruña
Museo de Etnología de Zamora
Museo de Pontevedra
Museo de Siyasa
Museo de Zaragoza
Museo del Traje (Madrid)
Museo Etnográfico de Castilla y León
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museo Liste (Vigo)
Museo Municipal de Madrid
Museo Nac. De cerámica y AA. SS González Martí
Museo Provincial de Lugo
Museu Valenciá d'etnologia
Real Academia Galega
Real Liga Naval Española
Rodí: Artes Gráficas S.L.
Seminario da costa da Morte
Unión do Pobo Galego
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago
Universität Trier: Galicien-Zentrum

*Figura o agradecemento ó Museo

PARTICULARES

Alvarellos, H.*
Beramendi, J.*
Braña, Fátima**
Costa, A.
Eirós, Carlota*
Fernández Cerviño, M^a X.
Fernández Sanmartín, C.*
Fidalgo Santamariña *
Foxo, X. L.
García Bodaño, S.*
García Ferreiro, N.
García Martínez, C.
García, Verónica*
García-Orellán, R.*
González Monje, J.M.*
González Pérez, C*
González Reboredo, X.M. *

González Rochi*
Hermida Muiños*
Lema, Lino
López, Luís, Gabú
Marín Martínez, X. R.*
Medeiros, A.*
Mendez García
Morgade Martínez, X.C.*
Otero, E.
Pepín Fernández, M. *
Pérez Martínez, X. *
Pinto, José*
Rabuñal Rey, A
Rozas, M.*
Sanjiao Otero, F.
Santos Fernández, C. *
Vilar Álvarez, M. *

* Autores das obras doadas

4. EXPOSICIÓNS

Olladas dunha época. Fotografías do fondo Blanco-Cicerón

15 decembro 2009 a 31 xaneiro 2010

Comisariada por María Reis Camiña Castro e Belén Sáenz-Chas Díaz, e en colaboración co Centro Galego de Artes da Imaxe

O Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), xunto co Museo do Pobo Galego, conmemoran o primeiro centenario da Exposición Rexional Galega de 1909 cunha selección de fotografías do Fondo Blanco-Cicerón, propiedade actualmente dos herdeiros deste mecenas galego e custodiada polo propio Museo.

Aquela primeira Exposición Rexional Galega, celebrada en 1909 en Santiago de Compostela, supuxo un acontecemento sen precedentes na historia da comunidade, acollendo máis de 600 instalacións situadas en once pavillóns nos que se expuxeron dez mil pezas de arqueoloxía, obras

de arte e historia. Cen anos despois, o CGAI e mailo Museo do Pobo Galego recuperan nesta mostra fotográfica parte daquela Exposición. Así, o Fondo Blanco-Cicerón amosa, dunha parte, as fotografías de Manuel Chicharro, fotógrafo oficial do evento, e que documentou coa súa cámara a meirande parte das pezas que estiveron presentes na sección arqueolóxica. Ademais, unha segunda serie inclúe fotografías que recollen monumentos, pezas artísticas e paisaxes de toda Galicia e que foron exhibidas no seu momento.

Ao pé do lar. Memorias da cociña

5 febreiro a 21 marzo

Promovida polo Concello de Santiago, Turismo de Santiago e o Forum Gastronómico, co patrocinio da Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2010.

A exposición, comisariada por Manuel Gago, e coincidente coa celebración do Forum Gastronómico Compostela 2010, rexistrou unha grande afluencia de público e moi boas críticas.

Historia, receitas, costumes e un achegamento aos nosos devanceiros e contemporáneos, cun atractivo formato visual, compoñen esta exposición que amosa desde a cociña castrexa ata a dos nosos días, pasando pola influencia romana ou a cociña medieval dos frades. Non deixa de ter moita importancia e é, de feito, o fío condutor da mostra, o espazo ou espazos relacionados coa alimentación. As lareiras, as cociñas, os fogóns... Todos elementos que se atopan ben reflectidos nesta interpretación da nosa historia culinaria.

Xenaro Martínez

1 abril a 9 maio

Reposición da mostra que o Museo organizara en 2008, co gallo do primeiro cabodano do pasamento do fotógrafo, socio e colaborador do Museo. Baixo a organización de Mercedes Rozas, tamén socia do Museo, e de Xosé Ramón Fandiño, membro do noso Padroado, reuniuse unha antoloxía dos traballos de Xenaro Martínez recollendo as imaxes máis persoais, algunhas inéditas, que son testemuños patentes da visión estética e poética do fotógrafo.

Debuxantes da pedra, fabricantes da lata. O legado de La Artística S.A.

13 abril a 23 maio

O obxectivo desta exposición é presentar o legado de “La Artística S.A.”, principal empresa galega na elaboración de latas para unha industria que rapidamente se afianzou na nosa terra. Este legado en forma de pedras litográficas, documentación e diversos materiais, depositado nos fondos do Museo do Pobo Galego, atesoura unha interesante información sobre a industria da conserva, o acontecer da sociedade e os seus costumes reflectidos artisticamente nos gravados que conforman a lata de conservas.

A exposición comeza cunha breve introdución sobre a industria conserveira e metalgráfica en Galicia, facendo especial mención a La Artística. Continúa cunha concisa explicación do procedemento de litografado do metal e tamén da elaboración do propio envase. Finalmente, faise unha análise dende o punto de vista artístico dos diferentes deseños publicitarios empregados nos envases de lata.

Uxío Novoneyra. Letras Galega 2010

8-30 maio

Como vén sendo habitual, o Departamento de Biblioteca e Arquivo organizou unha exposición bibliográfica sobre o escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Itinerancias

A exposición *Olladas dunha época. Fotografías do fondo Blanco-Cicerón*, exhibiuse do 23 de febreiro ao 18 de marzo na sala municipal de exposicións de Tui.

A exposición fotográfica de Luís Higinio Flores Rivas, *Paisaxes humanizadas, terras vividas*, exhíbese no Museo del Pueblo de Asturias entre o 24 de marzo e o 30 de maio.

5. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

O Departamento de Educación e Acción Cultural atendeu, nestes cinco meses, unhas 26.000 persoas que usaron os servizos do DEAC para realizar a súa visita ao Museo ou participaron nalgunha das actividades que este departamento organiza.

A tendencia dos últimos anos é que se veu incrementando a porcentaxe dos grupos de maiores pero aumentaron tamén, dentro do colectivo escolar de Galicia, os grupos de infantil e primeiro ciclo de primaria para os que, desde o pasado curso, contamos unha programación específica.

As actividades levadas a cabo foron as seguintes:

Programación grupos:

Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria:

- *Xogos Bailados*: a actividade faise a partir do desenvolvemento de diferentes xogos baseados na música e nos bailes tradicionais, que achegan os contidos do Museo aos cativos.
- *Cóntame un conto*: actividade coa que se pretende introducir o público máis novo aos contidos do museo a través da contada dunha historia popular, baseada no conto “O encanto e as tres irmás”.

Segundo e terceiro ciclo de Primaria e primeiro ciclo de ESO

- *Xogo de pistas*: a través das pistas subministradas ao inicio do xogo, os rapaces teñen que descubrir os tesouros que as salas gardan.

A partir de 4º de primaria

- *Visitas comentadas*: unha presentación temática dos seguintes itinerarios: *Os sistemas de produción; Os oficios; A Sociedade; O espazo construído e a Prensa e a imprenta*. Específicos para Bacharelato e Formación Profesional son o *Conxunto histórico-artístico de Bonaval* e *O museo na dinamización turística e sociocultural*.

Para o público universitario prepáranse con antelación e en coordinación co profesor ou profesora, dependendo da facultade e a disciplina da que se trate.

Tamén se realizaron visitas á exposición temporal “ Debuxantes da pedra, fabricantes da lata. O legado de La Artística” e visitas específicas para grupos con necesidades especiais.

Aproximadamente un 8% do público que o DEAC atende, non se encadra na tipoloxía de grupo organizado, senón que son persoas que se achegan ao Museo, buscando asesoramento ou participando dalgunha das actividades do programa para público xeral, para o que contamos co patrocinio da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela, e que se concretou neste período nas seguintes actividades:

Obradoiro ao redor da exposición “Debuxantes da pedra, fabricantes da lata. O legado de La Artística”: dirixido a familias celebrouse o sábado 25 de abril. O encargado de conducilo foi Xosé Valtierra

Café da memoria: Coincidindo coa semana na que se conmemoraba o Día da Muller Traballadora (8 de marzo) o día 11 celebrouse un novo café dedicado, nesta ocasión, á maternidade. Contamos coa colaboración de “Mámoa” Asociación Galega pro-lactación materna; co Centro Sociocultural da Trisca de Santiago de Compostela; coa matrona Beni Castro e a antropóloga Ana Figueiras. Moderou a palabra a socióloga Maite Pena. Como xa se fixera nas outras ocasións, gravouse a actividade de xeito que pasa formar parte do Arquivo do Museo. A afluencia de público a estas palabras segue a incrementarse en cada nova edición.

Contos e Historias de Orixe popular: Por terceiro ano celébrase no Museo no mes das letras Galegas e do Día Internacional dos Museos o ciclo de narración oral. Para esta edición contamos con dúas parellas: a primeira formada polo portugués Jorge Serafim e pola galega Paula Carballeira e a segunda, polos leoneses Victoria Gullón e José Luís Gutiérrez "Guti". As sesións van ser os sábados 8 e 22 de maio ás 19.30 horas.

Hai que indicar que no mes de setembro do pasado ano o DEAC abriu unha conta no facebook (páxina de rede social na Internet) para facer difusión das actividades do Museo. Nesta rede social o Museo conta xa con 5000 amigos e amigas.

6. OUTRAS ACTIVIDADES

- 18 xaneiro Pórtico audiovisuales: gravación de secuencias para as emisións do programa de TVG Desde Galicia para el Mundo
- 6 marzo Na VII edición da homenaxe "Os Bos e Xenerosos", a Asociación de Escritores en Lingua Galega fai un recoñecemento público dos Concellos que participan no desenvolvemento do Premio "Blanco Amor" de Novela Longa.
- 8 abril Presentación da unidade didáctica A Velliña Vella, con texto de Vicente Risco e debuxos de Manuel Busto, editada pola Fundación Vicente Risco.
- 9 abril Charla a alumnos de Educación Social da Universidade de Vigo e posterior visita ao Museo
- 15 abril Entrega de premios Correlingua 2010
- 24 abril Para conmemorar o seu décimo aniversario, a Asociación Galega polas Bibliotecas Escolares e a Lectura celebrou unha mesa redonda no auditorio do Museo

7. XUNTANZAS E ASEMBLEAS

- 23 xaneiro Asemblea da Asociación de Escritores en Lingua Galega
- 28 xaneiro Asemblea da Asociación do Traxe Galego
- 13 febreiro Asociación Galega polas Bibliotecas escolares e a Lectura
- 27 febreiro Asemblea da Federación Ecoloxista Galega, conmemorativa do seu X aniversario
- 17 marzo Asembleas da Fundación Manuel María e da Sociedade Galega de Historia Natural

8. FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

O 30 de abril rematou o prazo de presentación de propostas para o 7º Proxecto Didáctico Antonio Fraguas. O 18 de maio, Día internacional dos Museos, reúnese o Xurado.

9. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

Proxecto Sons e Voces da Identidade

O Arquivo do Patrimonio oral da Identidade segue medrando. Ata o momento están publicadas 130 pezas, aínda que hai moitas máis incorporadas á base de datos, transcritas e estudadas, pendentes só de completar algúns datos catalográficos e tipolóxicos para ilas editando paulatinamente. O proceso de administración e procesamento informático é lento, debido á magnitude da base e á variedade de obxectos que se manexan (arquivos de audio e vídeo, partituras en pdf, textos, fotografías e información relativa aos diversos campos).